



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 2 de maio de 2019**

1. Apróbanse os borradores das actas das sesións ordinarias do 17 e o 24 de abril de 2019.
2. Concédese licenza de legalización de obras e licenza para a realización das obras necesarias para a actividade de “oficina de servizos de publicidade” na planta baixa, local 4, do nº 45 da Av. de Ourense.
3. Dáse conta da concesión de subvención ao concello de Marín, por importe de 13.022,10 euros, equivalente aos custos salariais máis a cotización empresarial á Seguridade Social derivada de dito salario, resultantes da contratación de 1 traballador/a desempleado/a, durante 9 meses, para a realización da obra ou servizo denominado “Apoio ao servizo de limpeza forestal”, ao abeiro da convocatoria de subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o ano 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
4. Dáse conta da concesión de subvención ao concello de Marín, por importe de 4.051,69 euros, equivalente ao 75% dos custos, para o financiamento dos custos de dotación de persoal para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo “Info Rías Baixas”, da Deputación de Pontevedra.
5. Dáse conta da resolución provisional de concesión de subvención ao Concello de Marín, para o apoio aos investimentos para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, da Axencia Turismo de Galicia, correspondente ao 65% do orzamento da actuación “Instalación de varanda de protección en vial de praias, tramo Mogor-Aguete”.
6. Dáse conta das bases reguladoras de axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
7. Dáse conta das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas para o ano 2019, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia.
8. Dáse conta das bases para a concesión de subvencións destinadas ao programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa dirixido ás persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil, da Consellería de Política Social.
9. Solicítase subvención con destino ó Plan Concertado 2019 á Consellería de Política Social e apróbase o proxecto de Servizos Sociais Comunitarios Básicos e Especializados, cun orzamento total por importe de 878.042,54 euros.
10. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Dáse conta da resolución pola que se publican as contías das transferencias finalistas efectuadas no exercicio 2018, correspondentes ao Plan Concertado 2018, por importe total de 55.680,94 euros, da Consellería de Política Social.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,
María Ramallo Vázquez.

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - www.marin.es

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30002E30700T6K0A6W0I9V1 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190189191
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 09/05/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/05/2019 10:39:56	Fecha: 09/05/2019 Hora: 10:39

